# programa

## Parte I

**Jan Bradley (1974)**
*Prague*

**Ian Vine (1974)**
*Siri 2*

**Julie Cooper (1964)**
*Spirit of The Sound*

**Jan Bradley (1974)**
*Stretch*

## Parte II

**Sophie Hastings (1974)**
*Justo Pelladito*

**Nigel Westlake (1958)**
*Kalabash*

**Mark Norman (1980)**
*Twister*


Coa colaboración de:

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

Cultura

Concello de Lugo
Concellería de Cultura

XUNTA DE GALICIA

FUNDACION CAIXAGALICIA

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CÍRCULO DE LAS ARTES LUGO

ELPROGRESO
GRAN ENCICLOPEDIA GALEGA

RADIO LUGO CADENA SER



Sociedad Filarmónica de Lugo
Edificio Pazo de la Maza (planta primeira, local 3)
Ruanova, 19 - 27001 Lugo
982 230 805
Se desexa recibir os programas por correo electrónico envíe
o seu enderezo a: filarmonicalugo@terra.es


**Rogamos desconecten os seus teléfonos móbiles, reloxos e axendas electrónicas durante a celebración do concerto.**

SOCIEDAD FILARMÓNICA LUGO
65 anos

ANO 65
Tempada 2010-2011. Concerto nº6
nº **600** da Sociedade



# 4-MALITY
# Percussion Quartet

mércores, 23 de febreiro de 2011
20,30 horas
Salón Rexio do Círculo das Artes

## 4-MALITY

4-MALITY é un impresionante e orixinal cuarteto de percusión formado por catro músicos excepcionais e liderado por Adrian Spillett, o primeiro e ata agora único percusionista gañador do prestixioso concurso BBC Young Musicians Competition.

Poden chegar a despregar ata 40 instrumentos perfectamente coordinados: tambores, gongs, vibráfonos e marimbas, por mencionar algúns. Crean unha fusión de músicas á vez sensual e sensible, nun espectáculo que nos leva de Xapón a África, pasando polo Caribe, cheo da incrible destreza interpretativa e artística duns músicos cunha elevada formación clásica.

4-MALITY tocaron nos BBC Proms do Royal Albert Hall, nos festivais de Flandes, Rhythm Sticks, Newbury, Chelmsford, Cheltenham, Edimburgo e Stratford e nas máis prestixiosas salas como o Bridgewater Hall de Manchester, Wigmore Hall e Purcell Room de Londres ou a Filharmónica de Berlín.

Os seus concertos foron retransmitidos pola BBC Internacional, BBC Radio 3 e BBC Radio Escocia. Ofreceron actuacións por distintos países como Turquía, China, Australia, Francia, Bélxica, Finlandia ou Irlanda e varios compositores escribiron obras para eles: Ian Vine, Benjamin Wallfisch, Russel Du Plessis, Julian Warburton, Eric Sammut, Dinuk Wijeratne e Geir Rafnsson.

4-Mality fórmano Adrian Spillett, Jan Bradley, cuxas composicións xogan un papel vital no cuarteto, Sophie Hastings e Mark Norman. Cada un deles é ademais percusionista invitado nas máis prestixiosas orquestras de Inglaterra, como BBC Philharmonic, Liverpool Philharmonic, Hallé, Northern Sinfonia, English National Ballet, Birmingham Royal Ballet e Manchester Camerata.

### Notas ó programa

O concerto ábrese con *Prague*, de Jan Bradley, que establece unha especie de loita entre os tambores, o tam-tam e os timbais por un lado e o vibráfono e as marimbas por outro. A medida que a obra avanza o primeiro grupo perde terreo e vese reducido á mínima expresión. Finalmente, ambos bandos volven unirse confiando un no outro e devolvéndonos o tema principal.

Ian Vine compuxo *Siri2* inspirándose nun ritual imaxinario de invocación a unha deidade. Foi orixinalmente composta para solo de percusión con instrumentos electrónicos e dedicada a Peadar Townsend en 1997. A versión para cuarteto de percusión encargóuselle a 4-Mality en 2000 para o Newbury Festival.

*Spirit of The Sound* fai referencia á Gran Enseada do arquipélago das Bermudas. Julie Cooper viviu alí e comprobou como o océano que a rodea pode pasar rapidamente dunha aparente calma á máis terrible das tormentas. A enseada con todo permanece serena e parece tranquilizar o espírito do mar cando entra nela. Inspirada por estas misteriosas augas compuxo *Spirit of the Sound* para 4-Mality.

A primeira parte péchase con outra obra de Jan, a quen lle gustaba a idea de colocar catro tambores no centro e outros catro arrodeándoos. Así os colocou e así xurdiu *Stretch*, baseándose en distintos ritmos africanos.

*Justo Pelladito* está dedicada a Román Justo Pelladito Hernández, un dos fundadores do Conjunto Folklórico Nacional de Cuba. Sophie foi alumna súa e compuxo esta peza baseándose en varios toques cubanos: Guiro, Bembe, Moçambique e Comparsa, aos que se engade un tipo de Rumba chamado Guarapachangeo.

En *Kalabash* os catro músicos comparten dúas marimbas a xeito de balafon, o instrumento africano que foi o seu predecesor. A música tradicional do oeste de África a miúdo inclúe o balafon e hai intérpretes moi destacados, sobre todo en Ghana. Este son exótico impregna a linguaxe da obra e foi o punto de partida do compositor.

Para rematar, unha peza composta por Mark Norman, outro dos membros do grupo. *Twister* está escrita en catro partes e xira ao redor dunha idea central: a forza dos tornados e a súa capacidade devastadora. Esta idea determina a colocación dos instrumentos, a forma da obra e o son de principio a fin.

## 4-MALITY

4-MALITY es un impresionante y original cuarteto de percusión formado por cuatro músicos excepcionales y liderado por Adrian Spillett, el primero y hasta ahora único percusionista ganador del prestigioso concurso BBC Young Musicians Competition.

Pueden llegar a desplegar hasta 40 instrumentos perfectamente coordinados: tambores, gongs, vibráfonos y marimbas, por mencionar algunos. Crean una fusión de músicas a la vez sensual y sensible, en un espectáculo que nos lleva de Japón a África, pasando por el Caribe, lleno de increíble destreza interpretativa y artística de unos músicos con una elevada formación clásica.

4-MALITY tocaron en los BBC Proms del Royal Albert Hall, en los festivales de Flandes, Rhythm Sticks, Newbury, Chelmsford, Cheltenham, Edimburgo y Stratford y en prestigiosas salas como el Bridgewater Hall de Manchester, Wigmore Hall y Purcell Room de Londres o la Filarmónica de Berlín.

Sus conciertos fueron retransmitidos por la BBC Internacional, BBC Radio 3 y BBC Radio Escocia. Ofrecieron actuaciones por distintos países como Turquía, China, Australia, Francia, Bélgica, Finlandia o Irlanda y varios compositores escribieron obras para ellos: Ian Vine, Benjamin Wallfisch, Russel Du Plessis, Julian Warburton, Eric Sammut, Dinuk Wijeratne y Geir Rafnsson.

4-Mality lo forman Adrian Spillett, Jan Bradley, cuyas composiciones juegan un papel vital en el cuarteto, Sophie Hastings y Mark Norman. Cada uno de ellos es además percusionista invitado en las más prestigiosas orquestas de Inglaterra, como BBC Philharmonic, Liverpool Philharmonic, Hallé, Northern Sinfonia, English National Ballet, Birmingham Royal Ballet y Manchester Camerata.

### Notas al programa

El concierto se abre con *Prague*, de Jan Bradley, que establece una especie de lucha entre los tambores, el tam-tam y los timbales por un lado y el vibráfono y las marimbas por otro. A medida que la obra avanza el primer grupo pierde terreno y se ve reducido a la mínima expresión. Finalmente, ambos bandos vuelven a unirse confiando uno en el otro y nos devuelven al tema principal.

Ian Vine compuso *Siri2* inspirándose en un ritual imaginario de invocación a una deidad. Fue originalmente compuesta para solo de percusión con instrumentos electrónicos y dedicada a Peadar Townsend en 1997. La versión para cuarteto de percusión se le encargó a 4-Mality en 2000 para el Newbury Festival.

*Spirit of The Sound* hace referencia a la Gran Ensenada del archipiélago de las Bermudas. Julie Cooper vivió allí y comprobó como el océano que la rodea puede pasar rápidamente de una aparente calma a la más terrible de las tormentas. La ensenada con todo permanece serena y parece tranquilizar el espíritu del mar cuando entra en ella. Inspirada por estas misteriosas aguas compuso *Spirit of the Sound* para 4-Mality.

La primera parte se cierra con otra obra de Jan, a quien le gustaba la idea de colocar cuatro tambores en el centro y otros cuatro rodeándolos. Así los colocó y así surgió *Stretch*, basándose en distintos ritmos africanos.

*Justo Pelladito* está dedicada a Román Justo Pelladito Hernández, uno de los fundadores del Conjunto Folklórico Nacional de Cuba. Sophie fue alumna suya y compuso esta pieza basándose en varios toques cubanos: Guiro, Bembe, Moçambique e Comparsa, a los que se añade un tipo de Rumba llamado Guarapachangeo.

En *Kalabash* los cuatro músicos comparten dos marimbas a modo de balafon, el instrumento africano que fue su predecesor. La música tradicional del oeste de África a menudo incluye el balafon y hay intérpretes muy destacados, sobre todo en Ghana. Este sonido exótico impregna el lenguaje de la obra y fue el punto de partida del compositor.

Para finalizar, una pieza compuesta por Mark Norman, otro de los miembros del grupo. *Twister* está escrita en cuatro partes y gira al rededor de una idea central: la fuerza de los tornados y su capacidad devastadora. Esta idea determina la colocación de los instrumentos, la forma de la obra y el sonido de principio a fin.